

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 23 de decembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudósio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.50 horas do día vinte e tres de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2137).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD. EXPTE. 57975/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Benestar Social, do 3.11.10, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 14.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o texto do convenio entre a consellería de traballo e benestar e o concello de Vigo para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.

**SEGUNDO:** Facultar a concelleira delegada de benestar social Maria Mendez Piñeiro para a sinatura do citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO, PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD.

En Santiago de Compostela, .....de ..... de 2010.

#### REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. Dna. Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 81/2009, do 19 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991) e segundo o disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar;

Doutra parte, a Sra Dna. María Xosé Méndez Piñeiro, representante do Concello de Vigo, con Identificación Fiscal 35252900H, en calidade de Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social, Praza do Rei, nº 2, cp. 36202 , en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de Colaboración,

#### EXPOÑEN

Primeiro.- A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cando no seu artigo 3 formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais “garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia”.

Segundo.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a comunidade autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da

Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, veu a regular as condicións básicas para garantir a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia mediante a creación dun sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), coa colaboración e participación das comunidades autónomas, e cando corresponda dentro do seu ámbito competencial, ás entidades locais.

En concreto, no artigo 11 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, atribúe ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como xestionar os recursos necesarios para elo. Así mesmo, o artigo 12 prevé que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

Terceiro.- Que segundo o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar así como no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Administración autonómica que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, correspondéndolle á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal en canto a estas últimas a elaboración das propostas das políticas e a súa atención en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Cuarto.- Que na exposición de motivos do decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, se menciona expresamente o papel fundamental dos Concellos no desenvolvemento do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, na condición de Administración máis próxima ao cidadán, de onde preferentemente partirán as distintas solicitudes de valoración. Mención que se materializa posteriormente ao longo do articulado, entre outros, nos artigos 6, 7 e 20 do citado decreto.

Quinto.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas competencias en materia de benestar establecer fórmulas de colaboración no ámbito do sistema para a autonomía e atención á dependencia na nosa Comunidade Autónoma.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, e o Concello de Vigo, é a posta a disposición deste do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten encomendadas dentro do

sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, do contido da resolución do Programa Individual de Atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do Programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Compromisos das partes.

•Da Consellería de Traballo e Benestar.

Os compromisos da Consellería consistirán en:

1.Porá a disposición do Concello, de xeito progresivo, unha aplicación web que dará acceso en modo consulta á seguinte información do Sistema de información Galego de Atención á dependencia (en adiante SIGAD):

2.Información resumida do expediente e do estado de tramitación do mesmo.

3.Contido da resolución do Pia.

4.Acceso ao “programa de asignación de recursos” de cara á tramitación do SAF.

5.Os datos aos que se proporcionará acceso será daqueles expedientes que correspondan a área de influencia da acción do traballador/a social de servizos sociais comunitarios. A área de influencia dun traballador social virá determinada polo/s concello/s de radio de acción dese/a traballador/a social.

6.Proporcionar ao Concello a información e soporte necesarios para resolver as dúbidas ou incidencias que poidan xurdir no acceso ao SIGAD.

7.Proporcionar a formación inicial necesaria aos traballadores/as sociais dos servizos sociais do Concello de cara ao acceso ao SIGAD así como a utilización e explotación das súas funcionalidades. A Consellería levará a cabo unha xornada formativa en cada provincia, xunto coa posta a disposición de manuais e información sobre o funcionamento do sistema.

8.A Consellería comprométese a seguir traballando na implementación de solucións técnicas de cara a facilitar a xestión do procedemento de solicitude do recoñecemento da situación de dependencia, ampliando as posibilidades de interacción telemática entre a Consellería e os servizos sociais comunitarios.

•Do Concello de Vigo

Os compromisos do Concello consistirán en:

-O Concello deberá remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, a solicitude de acceso ao servizo (Anexo I), coa identificación dos profesionais de ss.ss comunitarios e a área de influencia solicitada para cada un deles.

-O Concello deberá comunicar calquera variación que se produza nas condicións de acceso dos profesionais, en especial as baixas no servizo. Estableceranse controis de tempo de inactividade dos

usuarios, que pasarán á situación de cancelados unha vez transcorridos tres meses sen accesos na aplicación.

- Todos os usuarios autorizados para o acceso, xunto cos seus responsables no Concello, deben ter coñecemento de que o emprego de datos de carácter persoal en tarefas impropias son operacións ilegais que poden dar lugar a responsabilidades administrativas, en concreto as establecidas no Título VII da LOPD, así coma a responsabilidades de calquera outra natureza, incluso penais, razón pola cal cando, por calquera medio, se teña indicios da utilización destes datos con finalidade distinta da sinalada neste convenio, ou da súa difusión indebida, infrinxindo así o deber de secreto profesional, poranse ditos feitos en coñecemento da Consellería de Traballo e Benestar, ao obxecto de procurar a adopción das medidas pertinentes entre ambas partes. A fin de dar a coñecer estas responsabilidades, en todas as altas de usuarios realizadas se deberá cumprimentar un documento onde se especificarán os compromisos adoptados polo usuario, segundo o anexo II adxunto a este convenio. Dito documento quedará en poder do concello, si ben poderá ser reclamado pola Consellería.
- O Concello é responsable da dispoñibilidade técnica dos medios necesarios para o acceso vía web ao SIGAD por parte dos profesionais designados. Isto inclúe a instalación de lectores de DNI electrónico se fose necesario, ou a obtención de certificados clase 2CA da FNMT por parte dos traballadores sociais. A Consellería de Traballo e Benestar asesorará e proporcionará a información que sexa necesaria ao Concello para que o medio de identificación na aplicación non se converta nun atranco.
- O Concello é responsable de implantar as medidas de seguridade, tanto técnicas coma organizativas, e tanto nos postos de traballo dende os que se acceda á aplicación, coma no posible ficheiro soporte papel, no caso de que se extraia información do SIGAD mediante impresión de pantallas. Como apoio a esta tarefa, a Consellería de Traballo e Benestar proporcionará información sobre o conxunto mínimo de medidas de seguridade que deberán ser adoptadas.
- O Concello deberá de recadar o consentimento expreso e por escrito do solicitante do recoñecemento da situación de dependencia, ou do seu representante, para o acceso aos datos de carácter persoal que constan no seu expediente, contidos no ficheiro “Dependencia” creado pola orde do 11 de marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) (Anexo III).

TERCEIRA.- Protocolo marco para o desenvolvemento de administración electrónica.

As actuacións recollidas neste convenio estarán vinculadas ao establecido no protocolo marco para o desenvolvemento da administración electrónica asinada o 28 de setembro de 2009 entre as Deputacións, FEGAM e Xunta de Galicia -que se desenvolve mediante o Convenio co mesmo obxecto asinado o 13 de xullo de 2010-, no relativo ao uso de servizos, infraestruturas e criterios de administración electrónica coa finalidade de avanzar de forma homoxénea e conxunta no desenvolvemento da administración electrónica en todos os ámbitos de relación entre as administracións públicas galegas e, así, minimizar custos na aplicación destes criterios.

CUARTA.- Cesión de datos de carácter persoal.

A posta a disposición dos sistemas de informacións sinalados na cláusula segunda, apartado 1, supón unha cesión de información de carácter persoal, contidos no ficheiro “Dependencia” creado pola orde do 11 de

marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) da Consellería de Traballo e Benestar ao Concello. Polo tanto un suposto de comunicación de datos entre administracións públicas sobre competencias que versan sobre a mesma materia regulado no art. 21 da LOPD, polo que o Concello será responsable do deber de recadar o consentimento do afectado ao que se refire o art. 11 da LOPD.

A cesión de información procedente do SIGAD ten coma finalidade exclusiva a atención e información ao solicitante de situación de dependencia dende os servizos sociais comunitarios e a xestión dos servizos do SAAD dos que sexan titulares. Calquera outro uso que se faga destes datos suporá un incumprimento do presente convenio, que facultará á Consellería a pedir as responsabilidades oportunas. O concello, no seu papel de cesionario, será responsable fronte á Consellería de Traballo e Benestar e fronte a terceiros de calquera reclamación derivada do emprego indevido que se faga por parte dos titulares dos datos cedidos.

Para a identificación e autenticación na aplicación, o traballador social deberá empregar un certificado dixital de persoa física dos aceptados pola Xunta de Galicia para a interacción coa cidadanía en escenarios de administración electrónica. Na data actual isto supón o emprego do DNI electrónico ou de certificado de clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. Cada usuario será responsable dos accesos que se realicen co seu medio de identificación e autenticación (certificado dixital).

Todos os accesos, xunto coa información accedida, serán rexistrados polo aplicación en pistas de auditoría.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá auditar en calquera momento, e segundo o procedemento pactado na comisión de seguimento deste convenio, a observancia das medidas de seguridade no acceso e tratamento da información, en especial da obriga de recadar o consentimento.

QUINTA.- Outros compromisos do Concello.

O Concello queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Traballo e Benestar e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

O Concello asume a responsabilidade respecto do persoal que ten as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no Convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

O Concello consinte expresamente en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, o asinamento do presente Convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Así mesmo, consinte para os efectos da súa difusión na Internet, que a Consellería de Traballo e Benestar publique na súa respectiva páxina web e dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. A información manterase dispoñible na Internet durante todo o exercicio orzamentario. Igualmente, manterase dispoñible na Internet a información referida ao exercicio inmediatamente anterior, segundo o previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

SEXTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente Convenio de colaboración, crearase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente Convenio, e estará formada por parte da Consellería por dous representantes designados pola Conselleira de Traballo e Benestar, e por parte do Concello por dous representantes designados polo mesmo. Dita Comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este Convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Será de aplicación os principios contidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto á resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación e resolución do presente Convenio, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra os mesmos cabe recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2013, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscribíese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

D./Dña....., Alcalde do Concello de....., en representación do mesmo e con DNI nº. ...., solicito o acceso aos datos do SIGAD, amparado no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de .....para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD, asinado en data do .....de.....de 2010.

A área de influencia dos ss.ss deste concello refírese aos seguintes:

- Concello de....., código postal nº.....
- Concello de ....., código postal nº.....

O/s profesionais dos ss.ss para os que se solicita a oportuna autorización de acceso son os seguintes:

- D./Dna....., con DNI nº.....( *sinalar perfil profesional e relación laboral co Concello*), e con nº de Colexiado.....

- D./Dna. ...., con DNI nº....., e con nº de Colexiado.....

O Concello garante a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e en concreto do previsto no artigo 6 da citada Lei.

En ....., a .....de.....de2010  
O Alcalde

#### ANEXO II. Compromiso persoal de confidencialidade

D./D<sup>a</sup> .....con  
D.N.I.....traballador/a social do Concello.....pola presente

#### COMUNICO

Que, de conformidade coas previsións da Lei orgánica 15/1999, e no tocante ao acceso a información do Sistema Galego de Atención á Dependencia (SIGAD), en virtude do convenio de colaboración para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD por parte da Consellería de Traballo e Benestar ao Concello, adquiero o compromiso de utilizar a información cedida co fin exclusivo das labores de información e atención ao solicitante da condición de dependente que lle son propias aos servizos sociais comunitarios, garantindo a confidencialidade da mesma, recadando o consentimento por escrito do interesado, e observando as medidas de seguridade no posto de traballo e de custodia do certificado dixital para a identificación e autenticación na aplicación que me son transmitidas polo Concello.

Que o incumprimento das obrigas indicadas dará lugar á esixencia de responsabilidades administrativas, en concreto as establecidas no título VII da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así coma a responsabilidades de calquera outra natureza, incluso penais.

En ....., a ..... de ..... de 20...

#### ANEXO III

D./Dna. ...., con DNI nº....., e domicilio na r/.....do Concello de.....

En calidade de:

Solicitante

Representante legal

Ardador de feito

En ....., a ..... de ..... de 20...

**2(2138).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5 S.L.U. EXPTE. 58672/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas e do xefe da área de Benestar Social, do 13.12.10, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral do 20.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.-Convalidar as actuacións do gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura 87/2010 que se achega ao expediente, de conformidade coa base 28 dos de execución do orzamento, por importe total de 5.399,67 euros, a favor de Atención Social en Emergencias Grupo 5. S.L.U. Cif. B85595239, con cargo á partida 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”.

2.-Recoñecer a obriga e dispoñer o gasto a favor de Atención Social en Emergencias Grupo 5. S.L.U. Cif. B85595239, con cargo á partida 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”., por importe de 5.399,67 euros.

**3(2139).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE CLECE, S.A. CON CARGO Á PARTIDA DE “PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR”. EXPTE. 58722/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas e do xefe da área de Benestar Social, do 13.12.10, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral do 21.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Convalidar as actuacións do gasto realizado sen fiscalización previa que figura nas facturas 781540003010FAC, 781540003310FAC, 781540003110FAC, 781540003510FAC, 781540003410FAC, 781540003610FAC, 781540003710FAC, 781540003810FAC,78154000401FAC e 781540000310REC que se achegan ao expediente, de conformidade coa base 28 dos de execución do orzamento, por importe total de 582.411,40 euros, a favor de CLECE, S.A., Cif. A 80364243, con cargo á partida 2310.2279901 “Prestación do servizo de axuda no fogar”.

2.- Recoñecer a obriga e dispoñer o gasto a favor de CLECE,S.A., Cif. A80364243, con cargo á partida 2310.2279901, por importe de 582.411,40 euros.

**4(2140).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 1. EXPTE. 439/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 21.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.ORECO
- 2.SERCOYSA
- 3.MOVEX VIAL
- 4.CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS
- 5.HIDROSCIVIL
- 6.CONSLAR
- 7.UTE-EIRIÑA-IMESAPI
- 8.BRUESA
- 9.UTE ARAGON
- 10.C. ALDASA
- 11.DRAGADOS
- 12.PACSA
- 13.ASIGNA
- 14.JESUS MTNEZ.
- 15.UTE CRESPO-MALVAR
- 16.COMSA
- 17.ALDESA

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís UTE JSTOP, UTE AQUALIA-FCC, ESPINA, BARDERA e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados.

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, ORECO, S.A., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 668,04 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**5(2141).- ADXUDICACIÓN DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA. EXPTE. 13404/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 14.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- Endesa Energía SAU.

2º.- Unión Fenosa Comercial, S.L..

Segundo.- Excluir a oferta presentada por Iberdrola Generación, S.A.U., xa que as observacións efectuadas por esta empresa tanto na oferta económica presentada como no escrito de aclaracións supoñen un incumprimento da obriga contida no apartado 7.1. do prego de prescripcións técnicas de que a facturación mensual, tanto aos subministros en media como en baixa tensión, se efectúe en base a consumos reais.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Endesa Energía SAU, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Endesa Energía SAU, o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.341,58 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de

adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**6(2142).- TRAMITACIÓN DE EXECUCIÓN DE SENTENZA TSXG SOBRE CONCESIÓN DA PRAZA ELÍPTICA (2 ACORDOS). EXPTE. 3365/241.**

A) Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Xefe da Area de Contratación e Novos Proxectos, do 26.11.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Desestima-la solicitude presentada por Victoriano Moldes Ruibal, S.A., interesando se recoñeza a súa condición de interesado no expediente de execución de Sentenza ditada o día 11 de novembro de 2004, procedemento ordinario 6149/1998, Sentenza pola cal foron anulados os acordos recorridos, adoptados polo Concello de Vigo o 27 de xaneiro de 1998, de aprobación definitiva do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso público para a adxudicación en réxime de concesión administrativa de dominio público para a redacción de proxecto, construción e explotación dun aparcamento e locais de usos terciarios da denominada Praza Elíptica, e tamén de acordo do Concello de Vigo, de 29 de maio de 1998, de adxudicación de dita concesión á sociedade Prazadouro, S.L.

2.- Recoñecer a D. Fernando Moldes López a súa condición de interesado no expediente de liquidación do contrato con Inmiga, S.L., ó cal se lle dará traslado dos documentos anteriormente mencionados ós efectos pertinentes.

B) Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Xefe da Area de Contratación e Novos Proxectos, do 16.12.10, conformado polo Concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMERO .- Establecer el criterio mantenido por la Jurisprudencia en el marco de las concesiones administrativas y en la aplicación de la legislación expropiadora para la valoración en la tramitación del expediente de liquidación del contrato con la entidad PRAZADOURO S.L., de la indemnización que pudiera corresponderle a la misma por la anulación de la concesión otorgada por la Sentencia del Tribunal Superior de Xusticia de Galicia de 11 de noviembre de 2004.

SEGUNDO.- Iniciar el expediente de contratación para la concesión del dominio público para la explotación del aparcamiento y los locales comerciales de usos terciarios ubicados en el subsuelo de la denominada Plaza Elíptica de la ciudad de Vigo por el procedimiento del otorgamiento directo a PRAZADOURO S.L., del artículo 93 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas (LPAP) por la existencia de las razones previstas en los artículos 137.4-i) de la LPAP y 117-d) del Decreto 3588/1964 de 5

de noviembre y resultar, sin duda alguna, la más aconsejable para los intereses patrimoniales del Concello.

TERCERO.- Admitir las sugerencias realizadas por PRAZADOURO S.L., para la redacción de los pliegos reguladores del otorgamiento de la concesión demanial respecto al plazo y al canon de la misma, introduciendo en los mismos la correspondiente cláusula por la que los futuros desfases económico financieros que pueda ocasionar el cumplimiento de la legislación tributaria serán asumidos por el Concello al no poder ser contemplados en el expediente de liquidación del contrato, sugiriendo a la entidad que recabe la correspondiente Consulta a la Administración Tributaria”.

**7(2143).- ABONO COTAS DA COMUNIDADE REPÚBLICA ARGENTINA 12-14, DE OUTUBRO-DECEMBRO. EXPTE. 19043/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnico de Administración Especial, do 16.12.10, conformado polo Concelleiro delegado de Patrimonio e o Interventor Xeral, e fiscalizado de conformidade pola Xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na Rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xullo, outubro-décembro de 2010, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

**8(2144).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RSU RECICLABLES. EXPTE. 19084/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnico da Administración Especial, do 9.11.10, conformado pola Concelleira de Contratación e o Interventor Xeral, e fiscalizado de conformidade pola Xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos, do contrato da concesión administrativa do servizo de contenerización, recollida e transporte de recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables, adxudicado polo Pleno deste concello en sesión de 1 de agosto de 2003, establecendo o importe a partir do 1 de outubro de 2008, na cantidade de 2.041.040,23 euros/ano.

Segundo.- dito gasto imputarase a partida 1620.227.0015.

Terceiro.- Recoñecer a empresa en concepto de atrasos dende o 1 de outubro de 2008 a 31 de decembro de 2010 a cantidade de 28.276,84 euros.

**9(2145).- REVISIÓN DE PREZOS DA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA E CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 19017/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnico da Administración Especial do 16.11.10, conformado pola Concelleira de Contratación e polo Interventor Xeral, fiscalizado de conformidade pola Xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato da xestión do centro de artesanía tradicional e casa do Cesteiro, adxudicado a entidade "Van Divulgación Cultural S.L.", por acordo da XGL de 16 de outubro de 2006, establecendo este no período de prorroga comprendido ente o 16 de novembro de 2009 e o 15 de novembro de 2010, na cantidade de 99.466,46 euros.

**10(2146).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES MUNICIPAIS. EXPTE. 19044/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Técnico da Administración Especial do 12.11.10, conformado pola Concelleira de Contratación e polo Interventor Xeral, fiscalizado de conformidade pola Xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de do servizo de mantemento integral de ascensores instalados na Casa do Concello, adxudicado a Schindler S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2010, e prorrogado en XGL de 28 de abril de 2010, establecendo o prezo paro o período de

–1 de maio de 2009 a 30 de abril de 2010, na cantidade de 10.295,54 euros ive engadido.

–1 de maio de 2010 a 30 de abril de 2011, na cantidade de 10.600,12 euros, ive engadido.

**11(2147).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN RÚA RAMÓN NIETO. FASE I. EXPTE. 442/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 20.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Total
ESPINA	106,50
ALVAC	104,09

MOVEXVIAL	94,92
HIDROSCIVIL	93,00
C. ALDASA	92,88
ORESA	92,70
EIRIÑA	92,10
CONSLAR	92,00
XESTIÓN AMBIENTAL	92,00
CONST., OBRAS, VIAIS	91,95
SERCOYSA	91,82
UTE AQUALIA	91,27
FOMENTO DE ARIDOS	89,82
OBRAS, CAMINOS, ASF.	89,11
PACSA	88,43
COMSA	87,00
ANTALSIS	86,84
EOC	86,69
HNOS. MALVAR	85,42
CONST. CRESPO	84,41
OREGA	84,30
JESUS MTNEZ.	83,86
ORECO	82,78
UTE PROYECTA	81,71
BARDERA	81,06
JSTOP	71
CONST. VALE	69,32

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís JSTOP, ESPINA, UTE AQUALIA, BARDERA e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEXVIAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEXVIAL S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 668,04 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**12(2148).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS ENTRE AVDA. DE FRAGOSO E RÚA EUGENIO KRAFF”. EXPTE. 460/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 20.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Total Puntos
GCM-CONST. TÉCNICA	94,60
XEST. AMB. DE CONTRATAS	92,00
CONST. CRESPO	90,42
C.ALDASA	90,00
EIRIÑA	89,98
HIDROSCIVIL	89,60
ORESA	88,37
FOMENTO ÁRIDOS Y OBRAS	87,17
SERCOYSA	84,17
CONST, OBRAS E VIAIS	84,15
OBRSA Y CONST. DIOS	81,52
HNOS. MALVAR	81,13
ROYMER	80,02
PARAXE	78,00
PLYGEPE	76,00
TERRAUGA	73,12
CONST. CARDEÑOSO	72,20
VAGALLON	66,85
HORDESCON	66,26
CONST. VALE	64,33
CONTRATAS VINCIOS	64,26
CASA MAESTRA	63,68

AGRUPCONSA	63,18
OUTON	60,39
CONTRATAS Y CALZADAS	59,75
GEO-SERV. Y CTTAS.	58,84

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís Roymer, Construcciones Cardeñoso, S.L, GCM Construcciones Técnicas e Hordescon por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 657,22 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

### **13(2149).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN RÚA SAN ROQUE”. EXPTE. 459/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 20.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Puntuación total
OUTON	242,32
JSTOP	94,62
GCM-CONST. TÉCNICAS	91,58

FOMENTO ÁRIDOS Y OBRAS	91,42
CONST. CRESPO	90,00
C. ALDASA	90,00
EIRIÑA	89,97
HIDROSCIVIL	89,96
XES. AMB. DE CONTRATAS	89,91
SERCOYSA	89,80
PACSA	89,12
CONST. CANOSA	89,00
ORECO	88,17
CONST, OBRAS E VIAIS	88,00
HORDESCON	87,91
CONST. CARDEÑOSO	87,49
ORESA	86,49
HNOS. MALVAR	84,02
OBRAS Y CONST. DIOS	83,32
AGRUPCONSA	82,55
CONST. PARAXE	81,74
ROYMER	78,37
PLYGEPE	76,00
CONSTRUNOR	76,00
EDUARDO BOAN ALVAREZ	76,00
TERRAUGA	72,72
VALE	64,39
VAGALLON	64,22
CONTRATAS VINCIOS	46,25
CASA MAESTRA	45,68
GEO-SERV. Y CTTAS.	43,84

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís JSTOP, PLYGEPE, Roymer, Construcciones Cardeñoso, S.L, GCM Construcciones Técnicas, AGRUPCONSA, Outon e Hordesccon por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Fomento de Aridos y Obras S.L.U., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Fomento de Aridos y Obras S.L.U. o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 651,02 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**14(2150).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN RÚA SALVATERRA”. EXPTE. 441/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 20.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Total
CONTRATAS Y CALZADAS	107,84 €
GCM	103,25 €
JSTOP	98,31 €
C.ALDASA	93,98 €
ORECO	92,00 €
HIDROSCIVIL	91,00 €
ORESA	89,93 €
AGRUPCONSA	89,40 €
PARAXE	88,61 €
CONSTR. CANOSA	88,00 €
HNOS. MALVAR	87,99 €
PLYGEPE	84,24 €
ALVAC	83,15 €
CONST, OBRAS E VIAIS	83,00 €
ROYMER	79,74 €
CONSTR. CRESPO	77,54 €
GRUPO CONSTRUNOR	76,31 €
CONST. VALE	72,50 €

CONST. REY SOLLA	72,18 €
TERRAUGA	72,05 €
ANXISENA	68,38 €
GEO, S.L.	41,39 €
CASA MAESTRA	41,00 €
SERCOYSA	28,73 €
FOMENTO ARIDOS Y OBRAS	28,73 €

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís JSTOP, PLYGEPE, Covsa, Contratas y Calzadas, Roymer, Canosa, Alvac e GCM Construcciones Técnicas por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, C. Aldasa S.L.U., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, C. Aldasa S.L.U. o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 643,30 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**15(2151).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN RÚA CANGAS”. EXPTE. 432/440.**

